

ACTA DE APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN NOVO PAVIMENTO DEPORTIVO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES. POS + 2017 COMPLEMENTARIO.

Na Casa do Concello de Ames sendo as trece horas do día 6 de abril de 2018, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN NOVO PAVIMENTO DEPORTIVO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Manuel Miñones Conde, alcalde da Corporación.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Secretaria: Dona Isabel Quintáns Rodríguez, auxiliar administrativa do departamento de contratación.

Non se atopa presente ningún licitador

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa, informa que na reunión da mesa de contratación, de data 3 de abril de 2018, procediuse á apertura dos sobres "A" que contiñan a documentación administrativa das empresas que se presentaron á licitación. Segundo consta na acta levanta ó efecto despois do estudo da documentación presentada polas empresas licitadoras quedaron todas admitidas no procedemento de contratación para o subministro e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Milladoiro.

A continuación procédese á apertura dos sobres C, denominados "oferta económica", que conteñen a documentación correspondente ó factor prezo, obténdose o seguinte resultado:

Tipo de licitación sen IVE: 61.871,52 €.


	Empresa	OFERTA ECONÓMICA
1	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS SL	61.000,00
2	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS SL	53.999,40
3	MONDO IBÉRICA SA	58.336,08
4	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL	52.300,00
5	MECANO SPORT SL	55.987,54
6	SOLUCIONES DECORATIVAS IBAIZABAL (SDI)	55.385,00
7	DENUEVO PUNTO RECREATIVO SL	58.555,81
8	CYS HISPANIA SL	58.777,95

Ante os elevados porcentaxes de baixa presentados polos licitadores e ó obxecto de comprobar se existen ofertas económicas que poidan considerarse desproporcionadas ou anormais, en primeiro lugar procédese a realizar os cálculos (co programa da Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que a proposición presentada pola empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL, que ofertou unha baixa do 15,47 % está considerada como desproporcionada e anormal (**ver cadro de valoración do programa da Deputación adxunto**). A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 10.3 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA:**

1º.- Dirixir escrito vía fax á empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL concedéndolle un prazo de **5 días naturais** ós efectos de que xustifique ante a mesa de contratación a baixa ofertada, acompañando para elo a documentación que estimen necesaria para a devandita xustificación. En todo caso, deberán ter en conta o estipulado no artigo 152.3 do RDL 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da lei de contratos do sector público.

2º.- Que a mesa se reunirá novamente para puntuar as ofertas económicas unha vez que polos servizos técnicos se emita o informe sobre a documentación xustificativa da baixa que presente o licitador.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as trece horas e catorce minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.



PROGRAMA DE VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS EN CONTRATOS E CONCURSOS

Manual de usuario [PDF] | Fórmula [PDF]



Convenio de Investigación da
Deputación da Coruña co
Departamento de Matemática
Aplicada da Universidade de Santiago
de Compostela - Ano 2010

A nova versión do Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

Exportar datos

Seleccionar archivo

Ningún archivo seleccionado

Recuperar datos

Paso 1

Paso 2

Paso 3

Paso 4

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Na seguinte táboa aparecen as valoracións das ofertas. Resáltase en cor verde a(s) oferta(s) mellor valorada(s) e en cor vermella as ofertas temerarias. Para imprimir correctamente os resultados, configure previamente unha páxina horizontal.

Valoración de ofertas económicas no contrato/concurso

SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN NOVO PAVIMENTO DEPORTIVO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES

Prezo de Licitación		Puntuación Máxima	Oferta Media		Oferta Media (excl. ofertas extremas)	Límite Oferta Temeraria		
61,871.52 €		40 puntos	56,792.72 €		56,191.68 €	52,443.70 €		
Nº Empresa	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Paso 2	Puntuación Valoración Económica	Temeraria	Excluídas da Media	Total
1	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS SL	61,000.00	1.41	1.00	3.19	Non	Si	4.19
2	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS SL	53,999.40	12.72	1.00	27.07	Non	Non	28.07
3	MONDO IBÉRICA SA	58,336.08	5.71	1.00	12.95	Non	Non	13.95
4	GALITEC SL	52,300.00	15.47	1.00	32.21	Si	Non	33.21
5	MECANO SPORT SL	55,987.54	9.51	1.00	21.05	Non	Non	22.05
6	SOLUCIONES DECORATIVAS IBAIZABAL (SDI)	55,385.00	10.48	1.00	22.87	Non	Non	23.87
7	DENUEVO PUNTO RECREATIVO SL	58,555.81	5.36	1.00	12.15	Non	Non	13.15
8	CYS HISPANIA SL	58,777.95	5.00	1.00	11.33	Non	Non	12.33

Imprimir

